



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 46 FEBREIRO-MARZO 2009

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congressos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### ASAMBLEA XERAL DE SOCIOS DE OVICA

O pasado 7 de marzo de 2009, OVICA celebrou en Lugo a **Asemblea Xeral Ordinaria** correspondente ó exercicio 2008. Aproveitouse para celebrar o 15º Aniversario da creación da Asociación, coa exposición dun pequeno vídeo conmemorativo. Como ben sabes, a Asemblea Xeral é o órgano de goberno da Asociación e nela procedeuse a aprobalas solicitudes de altas e baixas de socios, explicouse a situación actual da asociación e realizouse un repaso de tódalas actividades realizadas e das contas, que foron aprobadas. Tamén se tomaron decisións de cara ás actividades a realizar en 2009 e se expuxeron as previsións orzamentarias. Ó remate da Asemblea tivo lugar unha comida entre tódolos asistentes.



### LEXISLACION

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- [ORDE DO 19 DE XANEIRO DE 2009](#)

Axudas para o fomento das producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable (CES).

- [ORDE DO 29 DE XANEIRO DE 2009](#)

Solicitud Unificada da PAC: [prazo ata 30 de abril](#)

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENV. SOSTIBLE

- [ORDE DO 19 DE DECEMBRO DE 2008](#)

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo.

- [ORDE DO 27 DE FEBREIRO DE 2009](#)

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril.

### RAZA: OJINEGRA DE TERUEL



Raza caracterizada polas manchas negras que rodean os ollos, e tamén nas orellas e no fociño.

Explotada en réxime semiextensivo nas terras baixas de Teruel, onde se estima un censo duns 25.000 animais. Da recuperación e mellora e mantemento da raza encargase a "Asociación de Ganaderos de Raza Ojinegra de Teruel" (AGROJI)

Rústica e resistente, bo instinto maternal e produción de leite, de tamaño mediano-pequeno (PV de 70-80 kg nos machos e 45-60 kg as femias)

Productora de carne de excelente calidade incluída dentro da D.O "Ternasco de Aragón", comercializando os anos con 70-90 días e 18-24 kg de peso vivo.

### DESACOPLAMETO DAS PRIMAS DE OVINO-CAPRINO

No marco do "chequeo médico da PAC", o "Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino" comprometeuse ante representantes das organizacións e das cooperativas ó desacoplamento da prima ovino-caprino, entre outras. Nun principio espérase que sexa na vindeira campaña (2010).

OVICA vai presentar, xunto con outras asociacións, as súas propostas sectoriais ó Ministerio o vindeiro venres 3 de abril. Destacan as seguintes:

- Poder elixir o ano mais favorable dos últimos tres para o cálculo no desacoplamento da prima.
- Recoñecemento da labor de conservación do medio ambiente polos rabaños de ovino-caprino en extensivo.
- Creación dunha interprofesional de ovino e caprino con representación real dos produtores.



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA - VENTA

- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldelas, Ourense). Tfno.: 659 083 339 – 628 474 264, vende:
  - Cabritos vivos, de poucos días (20 €/ud), cabritas raza murciano – granadina (135 €/ud).
  - Esterco de cabra.
- A partir de xaneiro, véndense años de varios días de explotación de ovino de leite O Rexo (Allariz, Ourense) Prezo 15 euros/unidade. Contacto: 687418518 (Xosé)
- Véndense 50 cabras e cabritos (Toén – Ourense) Tfno.: 690 868 886
- Véndense 6 ovellas en Brión. Tfno.: 981 808211 (Lucía)
- Véndense 20 ovellas e 14 dereitos. Tfno.: 981753948 / 639 433378 (Ramona)
- Véndense añas de recría de explotación non positiva a *Maedi e Paratuberculosis*. Tfno.: 680714263
- Véndese esterco de ovella, en Maceda (Ourense). Tfno.: 659325161 (Miguel)
- Véndense cachorros de mastín, 150 €/ud Tfno.: 618778378 (Adriano)
- Véndese explotación de ovino/caprino: 220 ovellas e 4 machos; 130 cabras e 4 machos; 1 mastín e 1 *Border collie*, nave de 1200 m<sup>2</sup>, instalacións, maquinaria e apeiros varios.  
Venta en conxunto ou por separado. Tfno.: 988335701 (Javier)
- Véndense 150 ovellas de leite (Assaf) e 100 cabras de leite (Alpina) en Silleda Tfno.: 605037405
- Transfírense 10 dereitos de prima. Tfno.: 988424546 (Cualedro)
- Transfírense 36 dereitos de prima. Tfno.: 982151151 (As Nogais)
- Ofrecese pastor con experiencia. Tfno.: 980632048 (Roberto)
- Ofrecese traballador para explotación. Tfno.: 664576626
- Cómprase empacadora CLAAS MARKANT 55/60/65/70 ou 75. Tfno.: 952773282 (Manuel Martín)

## PROGRAMACION DA PRODUCCION

Orienta-la produción cara ás épocas axeitadas do ano permitirá uns prezos máis elevados e ter garantida a comercialización da súa produción, acurtando os tempos de venta dos animais. En primeiro lugar, polo tanto, adapta-la produción a dúas épocas principais.

LOTE	MONTA	PARTO	VENDA
1	Novembro- Decembro	Abril Maio	VERÁN
2	Abril- Maio	Setembro -Outubro	NADAL

As cubricións dos distintos lotes, pódense conseguir mediante diferentes métodos de control da reprodución e indución dos celos, que redactaremos a continuación. A elección entre uns ou outros dependerá da vontade do gandeiro e da capacidade para levalos a cabo. Os métodos tamén poderán complementarse entre si, potenciando os efectos e aumentando o éxito da sincronización, sempre coas pautas correctas e baixo supervisión veterinaria.

### A. METODOS DE PROGRAMACIÓN MEDIANTE MANEXO

#### 1. FLUSING (APLICABLE EN TÓDOLOS CASOS)

Consiste en mellora-la calidade da alimentación dos animais que van a ser cubertos durante as semanas previas á cubrición. Esta actuación aumenta a ovulación das femias e a fertilidade.

#### 2. EFECTO MACHO ( APLICABLE EN TÓDOLOS CASOS)

Pódese afirmar que o macho por si so ten un efecto que é capaz de inducir, despois dun período de separación previo, comportamento de celo nas femias. Recomendamos separar os machos durante mínimo catro semanas das femias e que só se introduzan no lote na época que o gandeiro decida. Este efecto vai produci-la saída das femias en celo para a cubrición dende dúas semanas a dous meses despois da introducción do macho no lote. Necesitaremos de polo menos un macho por cada 20 femias xa que temos que ter en conta o esgotamento que pode producir no macho o requirimento de tantas femias en curtos períodos de tempo.

#### 3. EFECTO FEMIA OU CELO POR "SIMPATIA" (APLICABLE EN TÓDOLOS CASOS)

Existen estudos que mostran que as femias en celo son capaces de inducir unha resposta ovulatoria nas súas compañeiras sen necesidade de contar coa presenza do macho. Para isto e preciso que exista contacto directo entre elas. Os resultados desta práctica dependen do grao de contacto entre as femias en celo (bioestimuladoras), e as estimuladas, e tamén inflúe a proporción entre ambas.

No próximo boletín falaremos dos METODOS DE PROGRAMACIÓN HORMONAIS.



**ADSG ACIVO**  
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira  
de ovino e caprino de Galicia

**COVIÇA**  
evolución na calidade